San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela


**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO BUSTELO, NOS CONCELLOS DE CORISTANCO E CARBALLO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GREENALIA WIND POWER, SLU (CLAVE: 2018/0024)**

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

---

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque terá unha potencia de máis de 30 MW e, segundo o estudo de impacto ambiental (EsIA), localízase a menos de dous quilométros do parque eólico Castelo, en funcionamento.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

## 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Greenalia Wind Power, SLU e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 46,2 MW de potencia total nos concellos de Coristanco e Carballo (A Coruña), composto por 11 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada, que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 11
- Modelo previsto: Vestas V136
- Potencia nominal unitaria: 4,2 MW
- Potencia total instalada: 46,2 MW
- Altura de buxa: 112 m
- Diámetro de rotor: 136 m
- Orzamento (execución material): 33.571.057,38 €

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Inclúe ademais a construción dun centro colector en envolvente prefabricada de formigón, de estrutura monobloque, que albergará todos os compoñentes eléctricos, incluíndo os transformadores, dispositivos de control e interconexións entre os diversos elementos. Tamén está prevista a instalación dunha torre meteorolóxica autosoportada, de celosía galbanizada e 98 m de altura.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través da subestación 30/220 kV do PE Campelo (SET Campelo, prevista no proxecto do dito parque promovido tamén polo grupo Greenalia) que ademais será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutro parque eólico deste mesmo promotor (PE Monte Toural). A conexión entre o centro colector e a SET Campelo efectuarase mediante unha liña eléctrica soterrada, que compartirá parte das gabias do cableado co PE Campelo (incluídas no proxecto do referido parque). Desde a dita SET a enerxía destes tres parques (Bustelo, Campelo e Monte Toural) será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña de alta tensión (LAT) en 220 kV (obxecto doutro proxecto pertencente tamén a este grupo empresarial) ata a Subestación de Mesón do Vento, propiedade de Red Eléctrica de España.

Na configuración reflectida no EsIA, a obra civil inclúe a apertura duns 5.048 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 7.275 m de pistas ou camiños existentes (incluídos os 397 m de vieiros a acondicionar compartidos co PE Campelo e que son obxecto do proxecto do dito parque). A sección tipo mínima será duns 5 m de anchura de rodadura e contará ademais con cunetas e drenaxes transversais para a recollida e evacuación das augas pluviais. Así mesmo, escavaranse uns 13.956 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións. Neste cómputo intégranse 2.882 m de gabias que compartirá co PE Campelo (incluídas no proxecto do referido parque).

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 11 meses.

Como áreas de ocupación temporal durante a execución das obras, nas inmediacións do centro colector do parque habilitarase unha superficie para acopio de materiais e da terra vexetal retirada para o seu reemprego nos labores de restauración. Tamén se prevé utilizar como zonas auxiliares de obra as propias plataformas de montaxe. Estas zonas aproveitaranse para realizar acopios temporais, parque de maquinaria, etc.

Porén, debido a certos condicionados xurdidos durante a tramitación do expediente, derivados dos informes emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor propón unha serie de modificacións no parque respecto do reflectido no EsIA de maio de 2018, e que consisten basicamente en:

- Cambio de localización do centro colector. O que supuxo o desprazamento cara ao sur do seu vieiro de acceso e a modificación do trazado do vieiro proxectado dende a dita infraestrutura cara ás posicións das máquinas AE01 e 02. As dimensións e características principais do centro colector non varían respecto ás sinaladas no EsIA.

- Eliminación da máquina AE05 e desprazamento dos aeroxeradores AE06 e 08 cara o sueste. O resto das posicións manteñen as localizacións consideradas no dito EsIA.

- Cambio de modelo de aeroxerador. Substitúese o modelo tipo de 4,2 MW por máquinas Lagerwey LE 136 de 4,5 MW de potencia unitaria, de dimensións moi similares ás do modelo inicial, diferenciándose na altura total que é 1 m inferior ao anterior. O novo modelo xunto coa eliminación do aeroxerador AE05 implica a diminución da potencia total instalada (pasando de 46,2 MW a 45 MW.

- Outros parámetros do proxecto con implicacións ambientais (cimentacións, plataformas de montaxe e trazado de vieiros e gabias do cableado) son obxecto das seguintes adaptacións e axustes na nova planta proposta:

    - Modificación das plataformas de montaxe para adaptar o seu deseño ao novo modelo de aeroxerador.

CVE: aJu0I1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Reorientación das plataformas das máquinas AE04, 07 e 11 para adaptalas ao novo deseño dos camiños e minimizar a afección superficial.
- Novo deseño do trazado do vieiro de acceso á máquina AE01 e da súa gabia de cableado.
- Novo deseño do trazado dos vieiros comúns de acceso ás máquinas AE03-11.
- Novo deseño para o acceso ás máquinas AE04 e 06.
- Modificación do trazado do acceso ás máquinas AE07 e 08.

Estas adaptacións e axustes suporán un incremento da superficie global afectada polas plataformas de montaxe e polas cimentacións nun 33%, e a redución da lonxitude total dos vieiros e das gabias do cableado nun 13% e nun 3% respectivamente. En conxunto, a superficie de afección da planta do parque é lixeiramente inferior á derivada da planta avaliada no EsIA, compensándose o maior tamaño das novas plataformas coa eliminación dunha máquina e o trazado dos vieiros definitivos. Cómpre tamén indicar que o incremento da afectación superficial por parte das plataformas de montaxe ten lugar sobre plantacións de eucalipto principalmente, o que compensa a desafectación das zonas con presenza de flora protexida.

- Cambio de localización da torre meteorolóxica. As súas dimensións e características principais non varían respecto ás sinaladas no EsIA.

No expediente constan os documentos titulados *Documento refundido conforme a solicitud de la Dirección Xeral de Patrimonio Natural Parque eólico Bustelo. Febrero* 2019 e *Adenda al Estudio de impacto ambiental del Parque éolico Bustelo (Exp. IN408A 2017/02). Julio 2019*, que conteñen a descrición e a valoración ambiental das anteditas modificacións.

Considerando o anteriormente exposto, as características do parque serán as seguintes.

- Número de aeroxeradores: 10
- Modelo previsto: Lagerwey LE 136 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW
- Potencia total instalada: 45 MW
- Altura de buxa: 111 m
- Diámetro de rotor: 136 m

Coa dita configuración actualizada, a obra civil comprende a apertura duns 6.495 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións e o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 4.222 m de pistas e camiños existentes. En canto ás gabias, escavaranse 10.730 m para o cableado de media tensión e de comunicacións. As características construtivas destas infraestruturas manteranse conforme ao indicado no EsIA de maio de 2018.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración actualizada do parque segundo o exposto nos parágrafos anteriores.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia




CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**1.3. Principais elementos ambientais da contorna**

A área de implantación do parque é unha zona de suaves pendentes, cunha morfoloxía predominantemente chá, de escasos contrastes de altura, que se desenvolve entre os vales dos regos Amboade, Pedrouzo e As Dornas, en cotas próximas aos 400 m. Os aeroxeradores distribuiranse en cotas que oscilan entre os 361 e 439 m de altitude.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial de Augas de Galicia e se enmarca nos sistemas de explotación nº 10 "Río Anllóns, Costa da Coruña ata límite de Arteixo" e o 07 "Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión" (a maior parte das instalacións proxéctanse na bacía do Anllóns, tan só un tramo de vieiro a acondicionar antes de chegar ao centro colector se localiza na bacía do Xallas). Polo ámbito de estudo discorren, próximos ás actuacións proxectadas, o rego de Rodeiro de Seavia, río Porto da Presa ou rego de Amboade, rego das Dornas Pedroco, rego do Porto, rego da Braña Rubia, río de Mira e río Sol ou rego de Berbia, segundo a codificación de Augas de Galicia, ningún deles interceptados no entorno directo dos aeroxeradores, torre meteorolóxica e centro colector, agás, tal e como recolle a Addenda ao EsIA, en dous tramos de viario coa súa correspondente gabia do cableado: o vieiro de acceso aos aeroxeradores 07-09 que cruza o río Sol (respectando a canalización de auga no paso da gabia do cableado); e o vieiro de acceso común ás máquinas 03-11 desde o centro colector que discorre pola zona de policía do rego do Porto. O elemento hidrolóxico máis relevante é a Lagoa de Alcaián (situada a algo máis de 500 m do centro colector), tamén cabe citar os humidais Marco do Couto (localizado a máis de 750 m do aeroxerador 06) e O Pozo (o máis afastado e non afectado por ningunha das estruturas do proxecto). Dentro dos límites destes humidais, as únicas actuacións serán o acondicionamento duns tramos da pista que delimitan polo norte a Lagoa de Alcaián e o Marco do Couto, e o enterramento da gabia do cableado pola cuneta da estrada que cruza o humidal Marco do Couto pola súa estremeira oriental, sempre pola marxe máis distante ás manchas de hábitats asociadas aos ditos humidais. A actuación proposta non afecta a ningún espazo protexido recollido no Catálogo de zonas protexidas do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa (aprobado polo RD 11/2016, do 8 de xaneiro) nin a ningunha área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI).

O uso actual da zona de implantación do proxecto ten un marcado carácter forestal. A vexetación na área de actuación está composta principalmente por plantacións forestais de eucalipto e piñeiro de distintas idades (predominando a primeira especie). Así mesmo, en menor medida, aparecen formacións de matogueira dominadas polo toxo e o breixo, existindo tamén algunhas parcelas destinadas a plantacións de frondosas como carballo americano e bidueiro. O EsIA e a súa Addenda tamén mencionan que ningunha das actuacións previstas afecta a zonas con vexetación de ribeira e a presenza de especies arbóreas de frondosas naturais queda relegada a pés illados, en aliñacións con portes arbustivos situadas nas marxes dos camiños, como sotobosque das masas de explotación ou como pequenos rodais en zonas de mato.

En canto a hábitats naturais, a Addenda ao EsIA cita que, en base a fontes bibliográficas oficiais, as infraestruturas do parque eólico non afectan a formacións de hábitats prioritarios nin de interese comunitario, confirmando esta situación nos traballos de campo realizados, en concreto, elimínase a afección sobre as breixeiras húmidas atlánticas (4020*) que se producía coa planta avaliada no EsIA. Aínda de non se producir afección algunha sobre este elemento natural nin sobre a fauna e flora asociadas, o promotor propón a medida compensatoria *Plan de Recuperación de hábitats y flora amenazada en zonas húmedas del entorno de Monte Castelo*.

O EsIA e a súa Addenda recollen que, segundo o Inventario Español de Especies Terrestres (actualizado en 2015), no ámbito de actuación aparecen as especies protexidas de flora *Euphorbia uliginosa* e *Centaurea ultreiae*. Así mesmo, para determinar a existencia e o estado real das ditas especies realizáronse varios traballos de campo, cuxos resultados constataron a ausencia da especie *Euphorbia uliginosa* e a localización de varias poboacións de *Centaurea ultreiae*, comprobando a afección dalgunhas das estruturas do proxecto sobre pequenos grupos de exemplares desta especie, tal e como estaban definidas no deseño do parque recollido no EsIA. Feito informado tamén pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural e que motivou a modificación do proxecto descrita no punto 1.2 desta DIA.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela



Cos referidos cambios avaliados na addenda, todas as estruturas localízanse fóra das áreas de presenza e prioritarias delimitadas na proposta técnica *Plan integral de conservación e recuperación das especies vexetais en perigo de extinción da zona de Bergantiños* (*Centaurea ultreiae* Silva Pando e *Euphorbia ulginosa Welw. Ex Boiss.*), e sen afectar aos exemplares de *Centaurea ultreiae* localizados inicialmente e informados pola referida dirección xeral. Circunstancia corroborada nos posteriores traballos de prospección dos terreos. Non obstante, o promotor propón varias medidas preventivas, correctoras e compensatorias, que a devandita dirección xeral considera, en xeral, axeitadas, introducindo unha serie de consideracións respecto á medida compensatoria denominada *Plan de Conservación y Recuperación de Centaurea ultreiae en el entorno del Monte Castelo*. No que se refire á presenza doutras especies de flora protexida que informa o Servizo provincial de Patrimonio Natural (*Lycopodiella inundata*, *Woodwardia radicans* e *Spiranthes aestivalis*), cabe sinalar que cos cambios introducidos no proxecto non se prevé afección directa nin indirecta sobre exemplares nin hábitats con presenza destas especies.

Entre a fauna inventariada na área de actuación, segundo o EsIA, poderían existir cinco especies incluídas no CGEA: unha en perigo de extinción do grupo das aves (*Numenius arquata*, pero a dita catalogación só afecta á poboación nidificante presente na provincia de Lugo) e catro vulnerables (unha de aves: *Circus pygargus*, e tres de anfibios: *Hyla arborea*, *Rana iberica* e *Rana temporaria*). En base aos traballos de campo recollidos na Addenda ao EsIA realizados para os estudos das poboacións de aves e quirópteros, non se localizou ningunha especie de avifauna incluída nos catálogos de especies ameazadas e cuxos resultados foron os seguintes: entre as aves rapaces diurnas contactadas destaca o miñato *Buteo buteo* e o gabián *Accipiter nisus*, non obtendo ningún resultado nos seguimentos específicos para a tartaraña cincenta *Circus pygargus* nin doutras especies deste xénero; entre as aves nocturnas detectáronse o moucho das orellas *Otus scops,* a avenoiteira cincenta *Caprimulgus europaeus* e a curuxa *Tyto alba*; observáronse numerosas paseriformes e outras aves habituais; e no que respecta á comunidade de quirópteros, detectáronse sete especies distintas, das que tan só unha aparece catalogada como vulnerable, tanto no catálogo autonómico como no estatal (o morcego de ferradura grande *Rhinolophus ferrumequinum*).

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, sinalar que a zona de actuación non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Dos humidais rexistrados no Inventario Galego de Humidais na contorna próxima existen os xa mencionados Lagoa de Alcaián, Marco do Couto e O Pozo. Polo demais, o proxecto non se localiza no ámbito de ningunha Reserva da Biosfera nin de ningún plan de conservación ou recuperación aprobado ata o momento, como tampouco afecta a árbores ou formacións senlleiras catalogadas, nin se enclava dentro de áreas prioritarias ou zonas de protección para aves das publicadas na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión, nin en áreas importantes para as aves (IBA).

No que respecta á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) o lugar onde se desenvolverá a actuación enmárcase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, na comarca paisaxística de Bergantiños. As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son a Fervenza de San Paio a 1,8 km ao leste e a Lagoa de Alcaián ao oeste (que engloba os citados humidais catalogados Lagoa de Alcaián e O Pozo da Braña).

En canto ao patrimonio cultural, atendendo ao Inventario do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e ao planeamento urbanístico dos concellos afectados, no ámbito de actuación das obras do parque eólico non se identificou ningún elemento do patrimonio arquitectónico ou etnográfico, e rexístranse 9 bens arqueolóxicos: 5 con afección severa (1 túmulo, 2 achados paleolíticos e 2 topónimos) e o resto con impacto moderado/compatible, debido ás actuacións previstas na súa contorna, polo que no estudo de impacto arqueolóxico propóñense medidas específicas para garantir a súa protección, que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural considerou axeitadas xunto outras cautelas arqueolóxicas sinaladas pola dita dirección xeral.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

O 26.10.2017 Greenalia Power, SLU solicitou, ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, as autorizacións administrativas previa e de construción para o parque eólico Bustelo, ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, presentando a documentación técnica necesaria para continuar a tramitación do expediente.

Logo diso, e de conformidade co disposto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na redacción dada pola referida Lei 5/2017, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas iniciou o procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido parque eólico.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 9.02.2018 recíbese na entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un oficio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas no que solicita que o órgano ambiental lle facilite a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe para cumprir co trámite de consultas establecido no artigo 37 da citada Lei 21/2013. Achegan para iso, xunto coa solicitude do promotor, o EsIA e o Proxecto de execución (ambos os dous documentos de outubro 2017).

Da solicitude e documentación achegadas despréndese que, atendendo ao carácter potestativo da solicitude de elaboración do documento de alcance do EsIA segundo o artigo 33.2 da Lei 21/2013, o promotor do proxecto optou por prescindir deste trámite.

O 1.03.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental, remitiulle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unha serie de aspectos a ter en conta na tramitación de AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o EsIA) e sobre o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

O 26.04.2018 o Consello da Xunta declarou de interese especial o proxecto de referencia para os efectos da disposición adicional primeira da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, engadida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

En resposta a un requirimento de documentación técnica emitido o 24.05.2018 polo Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, Greenalia Power, SLU presentou ante a dita unidade tramitadora, entre outra documentación, os novos documentos *Estudio de impacto ambiental y Proyecto de restauración del Parque eólico Bustelo, en los términos municipales de Coristanco y Carballo (A Coruña). Mayo 2018* e *Proyecto de ejecución del Parque eólico Bustelo, en los términos municipales de Coristanco y Carballo (A Coruña). Mayo 2018*.

Mediante Acordo do 5 de xuño de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña (publicado no DOG núm. 122, do 27.06.2018), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o EsIA do proxecto do parque eólico Bustelo. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o EsIA.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

O 3.10.2018, o promotor solicitou perante o Servizo de Conservación da Natureza da Coruña acceso ao expediente para a súa consulta. Conforme a iso, o 24.10.2018, o promotor presentou ante o dito servizo provincial documentación complementaria para súa valoración (unha addenda ao EsIA e un estudo dos valores ambientais da zona de instalación do parque eólico, ambos os dous documentos de outubro 2018). Esta documentación tamén foi remitida polo promotor ao órgano substantivo para a súa inclusión no expediente do parque eólico. Posteriormente, o promotor achega nova documentación complementaria ante os referidos organismos, unha addenda ao EsIA de decembro de 2018 que substitúe a anterior.

O 11.01.2019, Greenalia Power, SLU comunicou á Dirección Xeral de Enerxía e Minas o cambio de denominación social desta entidade empresarial, pasando a denominarse Greenalia Wind Power, SLU. Posteriormente, a dita dirección xeral toma razón da subrogación nos dereitos e obrigas asumidos por Greenalia Wind Power, SLU con respecto ás instalacións do parque eólico Bustelo.

En resposta a un requirimento de documentación técnica emitido o 15.07.2019 pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Greenalia Wind Power, SLU presentou ante o dito órgano substantivo, entre outra documentación, a *Adenda al Estudio de impacto ambiental del Parque éolico Bustelo (Exp. IN408A 2017/02). Julio 2019*.

O 6.09.2019 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas como órgano substantivo por razón da materia.

Xa iniciada a revisión e a análise técnica do expediente recibido, considerouse necesario completalo en relación á avaliación das repercusións do proxecto sobre a vulnerabilidade do mesmo ante accidentes graves e catástrofes, os riscos e posibles efectos adversos significativos, así como sobre o efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker* e os campos electromagnéticos. Esta eiva notificóuselle ao órgano substantivo mediante a correspondente solicitude de documentación de data 26.09.2019, na que se lle informaba respecto ao primeiro extremo, que debía solicitar o informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil), e no segundo caso, comunicábaselle que se consideraba oportuno contar cun informe da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Unha vez revisado o contido do expediente ambiental, considerouse necesario aclarar e completar novamente o mesmo nunha serie de aspectos, polo que se cursou unha segunda solicitude de documentación e de emenda ante o órgano substantivo mediante oficio do 19.11.2019, na que se manifestaba, entre outras cuestións de carácter formal e cartográfico, o seguinte:

- En relación á Addenda ao EsIA de xullo de 2019, cómpre completar o expediente no relativo á descrición e valoración ambiental das modificacións que o promotor prevé introducir no proxecto como resultado dun condicionado ambiental xurdido durante a tramitación do expediente, ao que se fai referencia no punto 1.2 da DIA. Neste contexto, e tendo en conta a información adicional recollida na citada addenda respecto a elementos ambientais e do patrimonio cultural, fai necesario a realización de consultas complementarias, en particular, ao Instituto de Estudos do Territorio, á Axencia Turismo de Galicia e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- A necesidade de aclarar un aspecto relacionado cos informes sobre o EsIA emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativo á avaliación da medida proposta polo promotor denominada *Plan de Conservación y Recuperación de Centaurea ultreiae en el entorno del Monte Castelo* para garantir a conservación de varios exemplares desta especie protexida localizados na contorna do parque eólico.

Como contestación aos requirimentos anteriores, o 1.07.2020 recíbese a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas a documentación requirida: escritos de presentación, alegacións ambientais e respostas do promotor, os informes solicitados e a documentación elaborada polo promotor aos ditos efectos (respostas aos organismos consultados e diversa documentación medioambiental e cartográfica).


CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**2.2. Resumo da análise técnica do expediente**

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios e certificados de exposición pública, alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

  - A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emite un primeiro informe sobre o Anexo 3 do EsIA e sobre o punto 3.5 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto de referencia. Á vista da documentación remitida e da que consta na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e tendo en conta os informes dos seus servizos de Arqueoloxía e de Arquitectura e Etnografía, expón unha serie de consideracións en base as cales fai necesario contar cun documento que avalíe e dea conta das carencias detectadas.

    Como contestación ao dito informe, o promotor manifesta a súa conformidade e sinala que está realizando modificacións no proxecto por cuestións de índole medioambiental. Posteriormente fai entrega do documento requirido titulado *Evaluación de impacto sobre patrimonio cultural Parque eólico Bustelo. Ayuntamientos de Coristanco y Carballo (A Coruña). 3º Anexo a Memoria* de outubro 2018, no que incorpora as cuestións sinaladas pola dita dirección xeral (corrección da localización do Túmulo de Monte Bustelo (GA15029039), incorporación dos bens arqueolóxicos indicados e a avaliación do posible impacto sobre os elementos culturais, dando conta das modificacións realizadas no proxecto).

    Conforme ao sinalado no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un segundo informe en sentido favorable sobre o EsIA e o Proxecto sectorial, de acordo as seguintes cautelas arqueolóxicas: a obriga de levar a cabo un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque, e en base a un proxecto arqueolóxico que terá que ser achegado polo promotor previamente ao inicio da actuación para a súa autorización por esa dirección xeral; o dito proxecto incorporará as medidas correctoras incluídas no citado Anexo 3 do EsIA, así como as demais medidas recollidas no seu informe (certificación do estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural rematada a totalidade das obras e limpeza dos contornos de protección dos elementos catalogados, que deberán quedar libres de zonas de acopios de materiais).

    Con posterioridade, e en resposta á solicitude de documentación e emenda deste órgano ambiental do 19.11.2019 á que se fai referencia no punto 2.1 desta DIA, consta tamén no expediente outro informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación á Addenda ao EsIA de xullo de 2019, no cal sinala que este novo documento non modifica as consideracións recollidas en anteriores informes, polo que se reitera e mantén o establecido ao respecto no seu segundo informe sobre EsIA.

  - A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe no cal tras expoñer uns antecedentes relacionados coa documentación recibida no marco da tramitación ambiental do expediente (EsIA e addendas ao EsIA de outubro e decembro de 2018), e tendo en conta a información achegada polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, conclúe que é preciso presentar un único documento que recolla e integre as diferentes addendas recibidas ata o momento, así como calquera outra modificación posterior, cos documentos iniciais (EsIA e proxecto). Ademais sinala unha serie de cuestións a considerar, entre as que destaca a necesidade de ampliar a área de prospección a todas as zonas afectadas polo proxecto, incluíndo ademais un apartado específico no que se analicen as posibles repercusións do proxecto sobre as especies protexidas, en especial a *Centaurea ultreiae,* tras detectar en campo unha nova localización. Tamén considera conveniente para facilitar a análise da nova documentación xuntar un arquivo do proxecto en formato SIX. O documento final terá presente, desenvolvidas e analizadas, todas as cuestións reflectidas no seu informe, co obxecto de valorar a posible compatibilidade ou non do proxecto coa preservación dos valores naturais da zona.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O promotor responde coa achega do arquivo gráfico e do documento titulado *Documento refundido conforme a solicitud de la Dirección Xeral de Patrimonio Natural Parque eólico Bustelo. Febrero* 2019, e puntualiza varias cuestións en relación ao seu contido: a metodoloxía e estudos realizados sobre a flora protexida (en particular, a *Centaurea ultreiae*), a alternativa proxectada, a inclusión do seguimento de avifauna e quirópteros e a actualización do programa de vixilancia ambiental.

Atendendo á contestación trasladada polo promotor, esa dirección xeral emite un segundo informe en base ao documento achegado, así como ás consideracións do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña e da Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, no que indica que a zona onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais das recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Continúa indicando que o proxecto non está incluído dentro de Áreas protexidas por instrumentos internacionais segundo o artigo 50 da Lei 42/2007, nin afecta a árbores ou formacións senlleiras (Decreto 67/2007, do 22 de marzo), pero si se localiza na contorna de tres zonas húmidas recollidas no Inventario Galego de Humidais (Decreto 127/2008, do 5 de xuño): Lagoa de Alcaián, Marco do Couto e O Pozo, sen afección ás manchas de hábitats asociadas a estes. Cita os hábitats de interese comunitario e naturais prioritarios presentes na contorna próxima segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España, ningún afectado directamente polas actuacións proxectadas, e constata a presenza puntual de breixeiras secas europeas (4030) en estado degradado. Engade que o proxecto tampouco afectaría a áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección de avifauna das publicadas na Resolución do 18 de setembro de 2018, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión. Sinala que ademais da presenza da *Centaurea ultreiae*, tamén se detectaron outras especies de flora ameazada durante o traballo de campo efectuado polo persoal do servizo provincial (*Lycopodiella inundat*a, *Woodwardia radicans*, *Spiranthes aestivalis* e *Euphorbia uliginosa*), pero non se estima a existencia de alteracións significativas sobre elas, ou deterioro relevante sobre o seu hábitat; e como especie de fauna ameazada cita a *Rana temporaria* nas áreas da Lagoa de Alcaián e O Pozo, pero sen afección a esta. Por último, menciona que a zona de actuación estaría dentro do ámbito da proposta técnica denominada *Plan integral de recuperación e conservación das especies vexetais en perigo de extinción da zona de Bergantiños (Centaurea ultreiae Silva Pando e Euphorbia polygalifolia Welw. ExBoiss)* elaborada en 2010; porén, segundo os resultados dos traballos de prospección realizados na área de afección potencial, estímase que se evitarían afeccións directas a exemplares localizados de *Centaurea ultreiae* que, xunto coas medidas compensatorias propostas polo promotor (mantemento de noiros dos viarios do parque eólico, e elaboración e execución do *Plan de Conservación y Recuperación de Centaurea ultreiae en el entorno del Monte Castelo*), fan que se poidan considerar compatibles as actuacións previstas no proxecto co mantemento nun estado de conservación favorable da dita especie. Non obstante e no tocante ás ditas medidas compensatorias, a dirección xeral estima axeitada a primeira, mentres que a segunda require maior detalle (metodoloxía seleccionada, obxectivos establecidos, medios materiais/ económicos/persoais a empregar, cronograma de actuacións,...), estimando imprescindible a presentación, de maneira previa, polo promotor dun único proxecto de conservación e recuperación desta especie protexida baseado en criterios e directrices técnicas de organismos recoñecidos.

O informe destaca logo as observacións da análise efectuada polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, para finalmente concluír que, á vista de todo o anterior, o proxecto modificado supón unha mellora considerable respecto ao orixinal e, fundamentalmente, cara a evitar afeccións ás especies ameazadas e aos seus hábitats, especialmente en relación á *Centaurea ultreiae*. Estima que non é previsible que a actuación proxectada xere efectos significativos no medio, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, e moi especificamente co mantemento nun estado de conservación favorable da *Centaurea ultreiae*. Todo isto, sempre e cando se garantan as medidas contempladas na documentación achegada e se dea cumprimento, entre outros aspectos, ao indicado para a medida compensatoria proposta sobre a elaboración e posta en marcha do plan para a *Centaurea ultreiae*, que considera de relevancia singular para a valoración da compatibilidade do proxecto.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En resposta ao dito informe, o promotor comunica a súa conformidade. Por outra banda e co obxecto de levar a cabo a medida proposta para a especie *Centaurea ultreiae,* presenta a posteriori unha solicitude de autorización para o desenvolvemento das actuacións encamiñadas á elaboración do dito Plan de recuperación no marco da tramitación ambiental tanto deste parque eólico como doutros parques e liñas que este promotor proxecta na mesma zona (PE Monte Toural, PE Campelo e LAT 220 kV Campelo-Mesón). Sinala que para articular o traballo recorre a expertos do sector público e privado especializados na materia, e achega un acordo de colaboración entre as partes mencionadas e unha memoria que recolle unha serie de actuacións previas á redacción final do referido plan de recuperación, que abranguen estudos nos campos científico-técnicos necesarios para a correcta xestión da especie.

Con posterioridade, e en resposta á solicitude de documentación e emenda deste órgano ambiental do 19.11.2019 á que se fai referencia no punto 2.1 desta DIA, constan tamén no expediente outros informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Así, consta un terceiro informe da referida dirección xeral en relación á solicitude de autorización do promotor para o desenvolvemento do Plan de recuperación da *Centaurea ultreiae* no marco do expediente do PE Bustelo. Para iso achégaselle xunto coa dita solicitude, os documentos presentados polo promotor ao respecto (acordo de colaboración e memoria). Á vista dos antecedentes, da análise da documentación recibida e das achegas efectuadas pola Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas (SXBRCP), conclúe que se deberán ter en conta as consideracións sinaladas pola dita subdirección xeral en relación á documentación presentada. Neste contexto, en referencia á solicitude de autorización, a SXBRCP recolle unha serie de indicacións para completar e mellorar a documentación recibida, así como para o correcto desenvolvemento das actuacións previas e as incluídas no bosquexo do Plan de recuperación de *Centaurea ultreiae*, pois considera que aínda non se presenta un único proxecto de conservación e recuperación, senón un esquema orientativo dun posible plan de actuacións no período 2019-2023, que deberá ser definido e desenvolvido en detalle con posterioridade á realización das actuacións preparatorias, reiterándose ao indicado no seu informe sobre o EsIA, e en consecuencia non procede a valoración dunha posible solicitude de autorización para o desenvolvemento da totalidade das actuacións propostas (entre as que se inclúen o transplante e cultivo *ex situ* de exemplares e a plantación destes na área potencial da especie, ou a achega de planta de *Centaurea* reproducida de semente ou multiplicada *in vitro* para actividades de educación ambiental). Polo que se refire á memoria presentada, a SXBRCP considera que non aclara convenientemente o obxectivo da mesma e puntualiza varios aspectos formais e de contido para a elaboración dese único proxecto de conservación e recuperación de *Centaurea ultreaie*.

Como resposta, o promotor manifesta a súa conformidade ás modificacións requiridas no Plan de recuperación proposto e xunta copia do contrato de colaboración asinado polas partes implicadas. Tamén solicita aclaración por parte desa dirección xeral en relación ao ámbito de aplicación do dito plan, se considera preciso desenvolver actuacións concretas (como o transplante de exemplares directamente afectados a unha zona de protección que facilite a súa conservación e expansión) noutros proxectos a executar na contorna do Monte Castelo e promovidos por este mesmo promotor (PE Campelo, PE Monte Toural e LAT Campelo-Mesón), con previsión a unha posible presenza e afección sobre exemplares de *Centaurea ultreiae* durante a realización das obras, o que suporía un risco para a viabilidade dos proxectos.

Con base na contestación do promotor, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un cuarto informe no que á vista da consulta formulada e dos informes emitidos polo seu Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas, manifesta que queda á espera da achega do documento solicitado para proceder á súa análise e valoración, momento no que se realizarán as consideracións técnicas pertinentes sobre o mesmo. No tocante á solicitude de aclaración sobre a aplicación de certas medidas sobre a *Centaurea ultreaie* (transplante de exemplares afectados) para o resto de proxectos que o promotor ten previsto executar na mesma zona, sinala que remitirá as consideracións oportunas na resposta a cada unha das consultas formuladas de xeito específico para os ditos proxectos.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O promotor contesta cun escrito no que sinala a súa conformidade respecto á presentación do documento definitivo do *Plan de Conservación y recuperación de Centaurea ultreiae en el entorno del Monte Castelo* coas modificacións solicitadas, e considera contestadas satisfactoriamente as dúbidas de carácter procedemental expostas.

- O Instituto de Estudos do Territorio emite un primeiro informe no que, tras definir o marco legal, efectúa unha descrición do proxecto, do contido do EsIA e das características da paisaxe afectada, analiza o contido do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas, para logo apuntar algunhas carencias do dito EIIP e, finalmente, concluír que o seu contido se axusta formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e que as medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero que, malia o anterior, o EIIP debe completarse coas cuestións indicadas no seu informe, e der o caso, prever as medidas necesarias para minorar o impacto visual sobre as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) próximas á localización do parque: a Lagoa de Alcaián e a Fervenza de San Paio.

  O promotor responde ao dito informe manifestando a súa conformidade e achega posteriormente o documento requirido con título *Estudio de impacto e integración paisajística del Parque eólico Bustelo, en los términos municipales de Coristanco y Carballo (A Coruña). Agosto 2018*.

  Respecto do novo documento, o IET emite un segundo informe no que sinala que se teñen en conta as AEIP da Lagoa de Alcaián e Fervenza de San Paio e o efecto acumulativo cos outros parques eólicos e liñas de alta tensión próximos, e que na valoración da incidencia visual conclúese que as ditas AEIP localízanse en terreos cunha afección visual moi alta, pero que no caso da Lagoa de Alcaián, a dita afección e o efecto acumulativo co PE Campelo vese minimizado pola presenza de vexetación, e na Fervenza de San Paio, os parques eólicos sitúanse na visual contraria aos elementos de valor polo que non se produce unha perda do seu valor paisaxístico. Conclúe o IET que a documentación recibida vén a cumprimentar as cuestións sinaladas no seu primeiro informe, e que non se aprecian razóns que invaliden a execución do proxecto, aínda que se deberá prestar especial atención á adopción das medidas preventivas e correctoras previstas.

  Con posterioridade, e en resposta á solicitude de documentación e emenda deste órgano ambiental do 19.11.2019 á que se fai referencia no punto 2.1 desta DIA, consta tamén no expediente outro informe do Instituto en relación á Addenda ao EsIA de xullo de 2019, no cal sinala que os cambios introducidos non alteran significativamente o proxecto informado inicialmente, polo que non formula ningunha obxección á dita addenda. Aínda que lembra a importancia de prestar especial atención á adopción das medidas preventivas e correctoras previstas, principalmente as cautelas de integración topográfica e revexetación de noiros e recheos para certos camiños que se axustan menos á traza existente que na anterior versión do proxecto.

- A Axencia Turismo de Galicia emite un informe sobre o EsIA no que tras analizar todos os posibles impactos que o proxecto puidese xerar, deduce que o mesmo produce un impacto global significativo na fase de explotación, polo que estima necesario establecer medidas preventivas ou correctoras no desenvolvemento da explotación, sinala como elemento máis daniño para o turismo rural o ruído polo funcionamento dos aeroxeradores, e conclúe que o impacto turístico é significativo pero asumible, sempre que se executen os procedementos de avaliación adecuados para o control do ruído e se axusten aos valores límites de admisión establecidos legalmente.

  O promotor responde manifestando a súa conformidade e entende que o EsIA recolle todos os aspectos sinalados no informe da Axencia, e especifica os apartados nos que se desenvolven, centrándose fundamentalmente nas medidas previstas para reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais significativos, no desenvolvemento do plan de vixilancia e seguimento ambiental e na análise de ruídos.

Con posterioridade, e en resposta á solicitude de documentación e emenda deste órgano ambiental do 19.11.2019 á que se fai referencia no punto 2.1 desta DIA, consta tamén no expediente un segundo informe da Axencia Turismo de Galicia en relación á Addenda ao EsIA de xullo de 2019, no cal sinala que o contido do seu informe sobre EsIA non se ve alterado ou condicionado polos cambios introducidos. En consecuencia, e dado que da información achegada é descartable que se vaian a producir afeccións sobre o turismo, informa favorablemente a citada addenda. Por outra banda, na dita solicitude do 19.11.2019 tamén se requiría aclaración en relación ao dito informe sobre o EsIA emitido pola Axencia, logo de citar unha epígrafe dun documento non identificado, o que motivou outro informe deste organismo, no que sinala que a citada epígrafe non ten relación co expediente do PE Bustelo.

- Augas de Galicia, logo de efectuar unha posta en antecedentes e citar a lexislación de aplicación, continúa o seu informe cunha análise do contido da Separata do Proxecto de execución e do EsIA do PE Bustelo (centrándose na descrición do proxecto, nos posibles impactos sobre o medio hídrico, nas medidas correctoras propostas, no programa de vixilancia ambiental e no proxecto de restauración), para a continuación informar sobre a rede fluvial da área, as zonas protexidas e as zonas inundables. Engade unhas consideracións sobre as actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico e apunta unha serie de condicións a ter en conta no desenvolvemento do proxecto. Conclúe informando favorablemente tanto o EsIA como a Separata do Proxecto de execución, sempre que se teñan en conta as consideracións e directrices expresadas no seu informe así como as sinaladas na documentación sometida a informe.

- O Concello de Coristanco, emite informe técnico sobre o EsIA e a Separata técnica do proxecto, no que tras expoñer un resumo do proxecto, a cualificación urbanística do solo afectado polas instalacións do parque eólico, os resultados do impacto do proxecto sobre determinados factores ambientais avaliados no EsIA e varias cuestións de tipo procedemental, conclúe informando favorablemente, sempre e cando se cumpran as premisas establecidas na documentación achegada e contando coas pertinentes autorizacións ambientais que correspondan.

- O Concello de Carballo emite informe técnico que se refire fundamentalmente a aspectos de índole urbanística, alleos á tramitación da avaliación de impacto ambiental e que son obxecto doutras fases da tramitación do expediente. No que respecta ao EsIA, expón unha serie de consideracións sobre diversos elementos ambientais (hidrografía, especies endémicas, paisaxe e ruído).

  O promotor responde cun escrito no que formula unha serie de manifestacións nas que trata as cuestións sinaladas polo concello. Neste contexto e no tocante ao EsIA, o promotor cita os apartados do dito documento onde se desenvolve cada un dos asuntos recollidos no informe municipal.

- A Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emite un informe en virtude do artigo 37.2.f) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (modificada pola Lei 9/2018) en relación aos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto Parque eólico Bustelo. Para o dito fin, recibe varios documentos elaborados polo promotor (o estudo de vulnerabilidade ambiental do proxecto de outubro de 2019, así como o EsIA sometido a información pública e consultas). Tras a revisión da documentación achegada, estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é moi baixo.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública expón que o informe se realizou avaliando se na documentación achegada se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana. E para iso recolle as observacións en relación cos seguintes puntos: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos, identificación das posibles vías de exposición, avaliación da necesidade de medición da exposición e avaliación do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Engade que é importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso debe existir unha vía de exposición completa. Ademais subliña que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante a fase de construción, explotación e posterior desmantelamento no seu caso. Polo que de cumprirse os padróns establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

Por tanto, e tras desenvolver as cuestións anteriores, conclúe que de cumprirse cos estándares establecidos non se prevé a necesidade de realizar unha medición específica da exposición da poboación a ningún contaminante específico; considera que a documentación sobre o EsIA inclúe os impactos ambientais con posible repercusión sobre a saúde das persoas, así como as medidas protectoras, correctoras e de seguimento ambiental dos mesmos; e sobre o estudo de afeccións electromagnéticas e do efecto do parpadeo de sombras, sinala que unha vez valorado o dito documento, as referencias bibliográficas e normativas indicadas nel e consultada unha revisión de regulacións e guías de diferentes países sobre o impacto do efecto parpadeo de sombras, considera que, no ámbito das competencias da saúde pública e de cumprirse os estándares e medidas de seguimento referidos, deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde da poboación.

- Para todos os informes antes indicados constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou de resposta ao seu contido.

- Consta así mesmo o informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, que recolle un resumo dos datos do expediente administrativo, sinala unha serie de consideracións legais e técnicas e conclúe que, coas consideracións expostas no seu informes, non detecta incumprimento regulamentario de cara á obtención das autorizacións administrativas previa e de construción.

▪ No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente constan as presentadas por 94 particulares (todos eles veciños da zona ou con propiedades e intereses nela), polo BNG de Coristanco, pola CMVMC de Entrecruces e por diversas asociacións (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, Plataforma Non Eólicos Bustelo-Campelo-Monte Toural e unha alegación conxunta das asociacións Petón do Lobo, Cova Crea e Amigos e Amigas dos bosques O Ourol do Anllóns). Cabe mencionar que unha das alegacións particulares foi formulada de forma conxunta para varios proxectos promovidos polo promotor na zona (PE Bustelo, PE Campelo, PE Monte Toural e a LAT Campelo-Mesón) en relación á posible fragmentación do proxecto.

  En xeral, estes escritos son de idéntico contido ou moi similar, inclúen tamén cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (relación de bens e dereitos afectados e cómputo da superficie afectada, declaración de utilidade pública, fragmentación do proxecto, proxecto sectorial...). No que se refire exclusivamente aos aspectos ambientais (impacto ambiental en xeral, impacto sobre a Lagoa de Alcaián e o humidal Marco do Couto, afeccións sobre hábitats e especies endémicas e catalogadas de fauna e flora como a *Centaurea ultreiae*, afeccións arqueolóxicas, afeccións á saúde humana, impacto acústico e visual, eivas no estudo de efectos sinérxicos...), e sen prexuízo das informacións e aclaracións que constan nas respostas do promotor ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos competentes nas distintas materias aludidas, á información sobre o proxecto que figura no apartado 1, aos aspectos procedementais que se resumen no punto 2.1, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e, por último, ás consideracións do punto 6 respecto da viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran as condicións e medidas que se establecen ao longo desta DIA, ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela



Cabe engadir ademais que ao expediente se lle incorporou documentación complementaria relativa aos posibles efectos sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker* e cos campos electromagnéticos.

- En canto a outra documentación, o expediente contén, ademais do EsIA, o Proxecto de execución, a Addenda ao EsIA (de xullo de 2019) e a que se cita ao longo deste punto 2.2, diversa documentación que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación como resultado de certos requirimentos segundo se recolle no punto 2.1, e que inclúe a seguinte:

  - *Informe sobre los valores naturales de la zona de instalación del parque eólico Bustelo, los estudios de evaluación de impacto ambiental presentados por Greenalia Power, SLU y las consideraciones del Servicio de Patrimonio Natural de A Coruña* de data de outubro 2018, elaborado polo promotor como complemento ao EsIA. Este traballo recolle unha análise e avaliación dos valores ambientais da zona (humidais e hábitats asociados, flora e fauna ameazadas,..) con base no informado polo Servizo provincial de Patrimonio Natural e nas modificación introducidas no proxecto, concluíndo que é factible a coexistencia dos elementos naturais existentes coa construción e funcionamento do parque eólico.

  - *Adenda al Estudio de Impacto Ambiental. PE Bustelo. Documentación complementaria para el Servicio de Patrimonio Natural. Decembro 2018* elaborada polo promotor co fin de completar o EsIA e dar resposta ás conclusións emitidas polo dito servizo provincial, e a cal substitúe ao documento do mesmo título pero de data de outubro 2018.

  - *Documento Refundido conforme a solicitud de la Dirección Xeral de Patrimonio Natural Parque eólico Bustelo. Febrero 2019*, elaborado polo promotor en resposta ao requirimento da referida dirección xeral en relación á presentación dun único documento que integre as diversas addendas e demais documentación recibida.

    Este documento inclúe, entre outras cuestións, un estudo sobre a compatibilidade da especie de flora protexida *Centaurea ultreiae* coa execución do parque eólico, no que se detalla as zonas de prospección, a metodoloxía empregada, os resultados dos traballos de campo, a avaliación dos efectos acumulativos con outros parques eólicos da contorna (tanto en funcionamento como en tramitación) e as medidas propostas para garantir a conservación da dita especie, para logo concluír que non hai afección directa sobre os exemplares observados en campo, quedando todas as infraestruturas fóra das áreas de presenza e prioritarias establecidas, e coas medidas propostas considérase que as actuacións a realizar na zona poderán favorecer a súa dispersión reforzando as poboacións existentes.

    Tamén xunta dous documentos titulados *Plan de Conservación y Recuperación Centaurea ultreiae en el entorno del Monte Castelo* e *Plan de Recuperación de hábitats y flora amenazada en zonas húmedas del entorno de Monte Castelo. Febrero 2019*, que constitúen dúas das medidas compensatorias propostas polo promotor. O primeiro documento ten como obxecto establecer un plan de actuacións que permita manter e incrementar as poboacións de *Centaurea ultreiae* identificadas na zona de implantación dos parques eólicos previstos (Bustelo, Monte Toural e Campelo) e o segundo recolle as actuacións encamiñadas á conservación dos hábitats propios dos humidais do entorno de Monte Castelo (en particular, as breixeiras húmidas atlánticas: 4020*) e a súa flora e fauna asociadas.

  - *Acordo de colaboración entre as empresas Greenalia Wind Power Campelo, SLU, Greenalia Wind Power Bustelo, SLU e Greenalia Power Monte Toural, SLU, Acivro Consultoría de Medio e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Universidade de Santiago de Compostela* de setembro-outubro de 2019; *Memoria para la autorización de las actuaciones necesarias para llevar a cabo el plan de recuperación de la especie en peligro de extinción Centaurea ultreiae Silva Pando en el entorno del Monte Castelo y Monte Bustelo (Coristanco, Santa Combra, Carballo y Tordoia). Octubre 2019;* e *Contrato de colaboración entre a*

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) a través do Centro de Investigación Forestal de Lourizán e a Universidade de Santiago de Compostela e a empresa, Greenalia Wind Power Monte Toural, SLU, Greenalia Wind Power Campelo, SLU, Greenalia Wind Power Bustelo, SLU e Acivro Consultoría Medio Ambiente, SL, para realizar os traballos necesaria para a elaboración e seguimento do Plan de Conservación e Recuperación de Centaurea ultreiae na contorna do Monte Castelo* de xaneiro 2020. Documentación elaborada polo promotor con base no informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural cara á redacción final do Plan de recuperación da especie *Centaurea ultreiae* proposto para os proxectos que ten previstos na zona (PE Bustelo, PE Campelo, PE Monte Toural e a LAT Campelo-Mesón).

- *Análisis de la vulnerabilidad ambiental del proyecto del Parque eólico Bustelo (Exp. IN408A 2017/02), en los términos municipales de Carballo y Coristanco (A Coruña). Octubre 2019,* elaborado polo promotor co obxecto de complementar o EsIA en cumprimento do artigo 35.1.d) detallado na modificación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (engadida pola Lei 9/2018, do 5 de decembro).

  Este documento recolle unha análise e valoración da vulnerabilidade do proxecto ante riscos naturais (inundación, terremotos, climatoloxía adversa, movementos de terreo e incendios) e derivados do entorno socioeconómico, e como resultado da dita análise, conclúe que a vulnerabilidade do proxecto ante o risco de accidentes graves e/ou catástrofes relevantes considérase baixa ou moi baixa. Polo que ante o improbable escenario dun accidente grave inherente a algún dos riscos descritos, non se considera necesaria a proposta de medidas, ademais das xa especificadas no EsIA de maio 2018 e na súa Addenda de xullo 2019 para previr e mitigar efectos adversos significativos, nin a necesidade de establecer protocolos para dar resposta a emerxencias en relación co avaliado.

- *Análisis ambiental del efecto sobre la salud pública del Parque eólico Bustelo (Exp. IN408A 2017/02). Octubre 2019*, elaborado polo promotor co fin de dar resposta a un requirimento do órgano ambiental referente á avaliación dos posibles efectos do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación cos campos electromagnéticos e co efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*.

  Respecto á primeira cuestión, o estudo conclúe que o impacto potencial que poderán xerar os campos eléctricos e magnéticos producidos polas instalacións do parque é moi baixo e sen influencia sobre a saúde das persoas. No tocante ás posibles molestias ocasionadas ás persoas e á saúde pública polo parpadeo de sombras que puidera xerar o parque eólico, tanto de maneira individual como sinérxica (respecto a parques situados na súa contorna, tanto existentes como en tramitación) serán pouco significativas e polo tanto compatibles. Polo que non é preciso establecer novas medidas das xa recollidas neste documento, no EsIA e na súa addenda.

- Versión corrixida do plano nº3 *Planta Recursos compartidos PE Bustelo - PE Campelo - PE Monte Toural* da Addenda ao EsIA de xullo 2019, como resposta a unha solicitude de emenda do órgano ambiental.

### 2.3. Proxecto de interese especial

Segundo indica o órgano substantivo, o 26.04.2018 o Consello da Xunta declarou de interese especial este proxecto para os efectos da disposición adicional primeira da Lei 8/2009, engadida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, segundo a cal a dita declaración *terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade os prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial.*

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## 3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque éolico Bustelo consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 45 MW de potencia total nos concellos de Coristanco e Carballo (A Coruña), constituído por 10 aeroxeradores de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

| Vértices poligonal | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|
| 1 | 524.875 | 4.775.036 |
| 2 | 526.875 | 4.771.786 |
| 3 | 522.344 | 4.773.598 |
| 4 | 521.875 | 4.773.786 |
| 5 | 519.140 | 4.774.447 |
| 6 | 519.656 | 4.776.786 |
| 7 | 522.068 | 4.776.786 |
| 8 | 523.875 | 4.776.786 |
| 9 | 524.725 | 4.775.336 |

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no ***Plano nº2 Planta general*** da *Adenda al Estudio de impacto ambiental del Parque eólico Bustelo (Exp. IN408A 2017/02). Julio 2019*.

## 4. CONDICIÓNS AMBIENTAIS

### 4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA, na súa Addenda e a restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

2. En relación co anterior, e no que respecta aos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural sobre a elaboración e implantación do Plan de recuperación da especie *Centaurea ultreiae* proposto polo promotor, este deberá elaborar un documento que recolla pormenorizadamente toda a información e a documentación que se derive do cumprimento das indicacións sinaladas pola dita dirección xeral. O dito documento deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural no ámbito das súas competencias.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental unha copia do dito informe e do documento indicado para a súa constancia no expediente, de acordo co solicitado no punto 4.3.4 da DIA.

3. En relación coa vulnerabilidade do proxecto ante riscos derivados de accidentes graves e catástrofes, teranse en conta as recomendacións recollidas no estudo elaborado polo promotor e avaliado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras (shadow flicker)* durante a fase de funcionamento do parque, e en consonancia co recollido na documentación avaliada, nos potenciais receptores non se poderán superar as 30 horas/ano de exposición, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

Neste sentido, e de acordo co proposto polo promotor, levarase a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA.

5. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 587.493,50 euros, dos cales 251.783 corresponden á fase de obras e 335.710,50 á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

**4.2. Condicións xerais**

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

*4.2.1 Protección da atmosfera*

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor deberá levar a cabo, a través de entidade acreditada mediante norma UNE-EN ISO 17025, un plan de seguimento do nivel de ruído tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais*

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as sinaladas que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas aguas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece no punto 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxe do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque, realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, esta rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade. Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que conten coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. O edificio de control deberá contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

10. Con fin de evitar a posible afección sobre a hidroloxía debido aos potenciais efectos acumulativos ou sinérxicos que puidera ocasionar a coincidencia temporal das obras de varios parque eólicos na zona, espazarase a execución das mesmas, de forma que non se actúe simultaneamente en tramos próximos dunha mesma cunca, en particular se se observan no terreo puntos dalgunha fraxilidade especial. Deste xeito redúcese o risco de accidentes de vertedura simultánea e minimízase o perigo dunha acumulación de efectos que puidese dar lugar a unha contaminación de entidade.

*4.2.3 Protección do solo e infraestruturas*

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderá ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

9. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

*4.2.4 Xestión de residuos*

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, acopios de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control/centro colector durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirase en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

*4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais*

Con carácter xeral, deberá garantirse que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, tal que especies da flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables, así como os hábitats naturais. Tanto na fase de construción como na de explotación, garantirase a non afección e a conservación dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA - Decreto 88/2007, do 19 de abril), que puideran estar presentes na zona de actuación. En xeral cumpriranse as obrigas establecidas a este respecto na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e, en particular, o estipulado no seu artigo 95. Así mesmo atenderase ás obrigas establecidas nos artigos 54.5 e 57 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, relativas á conservación da flora e fauna silvestres.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Con carácter xeral, para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera estar recollida nas listaxes de protección actualmente vixentes), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus* cyaneus, catalogadas como vulnerable no CGEA), que nidifica sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Para aquelas especies de fauna que conten cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortaldade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, pintado de pas con patróns que incrementen a súa visibilidade, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse limiares de risco, instalación de disuasores automáticos, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

No caso concreto das especies preeiras, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta así mesmo as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se for o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

CVE: aJu0I1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e esparexemento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación de especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

*4.2.6 Integración paisaxística e restauración*

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación transformadora/edificio de control/centro colector empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario -, contorno da subestación/edificio de control/centro colector ou de seccionamento e torre/s meteorolóxica/s se éo caso, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de

CVE: aJu0I1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se for o caso…) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauracón e revexetación a levar a cabo teranse as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.

- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.

- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m$^2$ (300 kg/ha).

- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.

- Deberá realizarse un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e proceder á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores, torre/s meteorolóxica/s e subestación transformadora/centro colector ou de seccionamento (de existir un edificio de control, pode ficar para outros usos), demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

**4.3 Outras condicións**

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáselle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.

4. Previamente ao inicio das obras e para a súa constancia no expediente, o promotor deberá achegar a esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo, unha copia do informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación co Plan de recuperación da especie *Centaurea ultreiae* ao que se fai referencia no punto 4.1.2 da DIA, xunto cunha copia da documentación na que se basee o informe indicado.

5. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

## 5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

### 5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.

- As tomas de mostras, medicións e/ou analíticas deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade acreditada ou autorizada, e os resultados terán que vir asinados por persoal técnico da entidade. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.

- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EsIA ou nesta DIA, comunicaráselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**5.2. Aspectos específicos**

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta da Addenda ao EsIA, terase en conta o seguinte:

- Durante a fase de explotación do parque, deberase incorporar o seguimento acústico dos posibles efectos acumulativos cos parques eólicos adxacentes que estean en funcionamento, como mínimo, o PE Castelo. Con medicións en todos os puntos propostos.

- Os informes de resultados terán que estar asinados polo persoal técnico que realice as medicións. Lémbrase que a entidade debe estar acreditada mediante a norma UNE-EN ISO 17025.

- Deberán constar os resultados dunha campaña preoperacional que se axuste ao sinalado, con medicións en todos os puntos propostos.

- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento a frecuencia será mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

2. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:

  - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
  - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
  - Seguimento de avifauna, quirópteros e posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
  - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación.
  - Detección de especies invasoras.
  - Etcétera.

  No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación avaliada, teranse en conta as seguintes indicacións:

  - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxos (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostentes algunha figura de protección. Terase en conta a posible presenza de *Circus pygargus* na área.

  - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aeroxeradores e a detección de morte por colisión.

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Describirase a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo). Incluirase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.

- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.

- Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA.

- Describirase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluirán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.

**5.3. Informes do programa de vixilancia**

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluiranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EsIA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.

b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.

c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas, con especial atención á conservación dos exemplares de *Centaurea ulteriae* localizados na contorna do parque eólico, tendo en conta os puntos 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.

d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co plan de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.

b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno do centro colector, torre meteorolóxica, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial da zona de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicarase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, do centro colector e da torre meteorolóxica.

d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas capas: poligonal do parque, aeroxeradores, centro colector, vieiros de acceso e torre meteorolóxica. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeroxeradores en marcha durante as medicións e incluíndo o seguimento acústico dos posibles efectos acumulativos), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.

b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros e das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, con especial atención ao estado de conservación dos exemplares de *Centaurea ultreiae* localizados na contorna do parque eólico, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.2.5 e 5 da DIA.

c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado e contorno do centro colector e torre meteorolóxica, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicarase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

   Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. **Informe previo ao abandono:** cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

5. **Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.

CVE: aJu0I1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela



**6. PROPOSTA**

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, proponse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

---

**RESOLVE:**

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Bustelo, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 06/11/2020 15:21:32

Asinado por: DIAZ CANO, MANUEL
Cargo: Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Data e hora: 06/11/2020 11:58:04

CVE: aJu0l1qyE1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve